

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Dona Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, nomeada polo Decreto 122/2022, do 30 de xuño (DOG núm. 128, do 6 de xullo), e no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega e o Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG número 150, do 5 de agosto).

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponde á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.



2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.
3. Que o Consello da Cultura Galega se crea pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, como un ente estatutario con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Ten carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, e compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Está composto por representantes de entidades e personalidades sobranceiras dos diversos campos da cultura galega.
4. Que entre os seus obxectivos figura a consideración da realidade cultural dende unha perspectiva integradora, a recuperación da cultura propia aberta ao diálogo coas outras culturas da humanidade e, especialmente, coas do noso contorno. Entre as súas competencias figuran, entre outras, fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego, entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.
5. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello da Cultura Galega consideran necesario levar a cabo accións en materia de normalización lingüística, e por iso manifestan a súa vontade de colaborar mediante a sinatura dun convenio de colaboración durante o ano 2026 para desenvolver un programa de actuacións dirixidas a promover e fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes



ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello da Cultura Galega para colaborar na realización das actuacións de normalización lingüística que se describen na estipulación segunda deste convenio.

Segunda. Obrigas do Consello da Cultura Galega

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio o Consello da Cultura Galega, asumirá a realización das seguintes actuacións:

1. Organización dos XXVIII Encontros de Normalización Lingüística.
2. Realización de diferentes actividades de difusión da cultura galega no exterior.
3. Elaboración de informes sociolingüísticos.
4. Tradución de obras galegas.
5. Catalogación e dixitalización fondos documentais.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do



convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Financiamento

O orzamento das actividades que se van desenvolver con cargo a este convenio ascende a un total de **38.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade máxima de **24.000,00 €** con cargo a partida 13.02.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2026.

A dita cantidade destinarase a ampliar o crédito do Consello da Cultura Galega na aplicación 03.01.111D.640.0 modificación que será instrumentada pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

- O Consello da Cultura Galega achegará a cantidade restante de **14.000,00 €**, con cargo á aplicación 03.01.111D.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2026.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

No anexo I desagregase a cantidade total do convenio.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos,



publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta. Xustificación

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

O Consello da Cultura Galega realizará todas as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio e presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro 2026, á Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa dos traballos realizados e relación detallada dos gastos para a consecución do obxecto do convenio, que terá que ser aceptada de conformidade pola Secretaría Xeral da Lingua.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

Sexta. Utilización da lingua galega



Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesadaá administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013 e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava. Imposibilidade de promover a concorrència pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea



presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo polo Consello da Cultura Galega no seu ámbito de actuación e non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

Novena. Difusión da colaboración das partes

En todas as publicacións editadas ao abeiro deste convenio deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo aprobado pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento



Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Esta comisión estará constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes do Consello da Cultura Galega e actuará como presidente un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.



Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos



dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (BOE núm. 229, do 24 de setembro de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.



Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999) e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

A presidenta do Consello da Cultura Galega

Rosario Álvarez Blanco



ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO

CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª Organización dos XXVIII Encontros de Normalización Lingüística	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1. XXVIII Encontros de Normalización Lingüística	8.000 Euros
TOTAL PARCIAL	8.000 Euros
2.ª Realización de diferentes actividades de difusión da cultura galega no exterior	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Ciclo de cine galego, portugués	3.000 Euros
2. Dramaturxias itinerantes	2.500 Euros
3. Xornada Centro de Estudos Galegos no exterior	5.000 Euros
TOTAL PARCIAL	10.500 Euros
3.ª Elaboración de informes sociolingüísticos	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Informe uso da lingua galega na xustiza	5.000 Euros
TOTAL PARCIAL	5.000 Euros
4.ª Tradución de obras galegas	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Tradución de obras galegas a outros idiomas	4.500 Euros
TOTAL PARCIAL	4.500 Euros
5.ª Catalogación e dixitalización fondos documentais	



Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Tradución de obras galegas a outros idiomas	10.000 Euros
TOTAL PARCIAL	10.000 Euros
TOTAL	38.000 Euros



ANEXO II

(Para cubrir pola entidade)

FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
TOTAL				

